



residencias
artísticas
fmjj / normal₂₀₂₄

Bases

A Fundación María José Jove reforza con este programa os seus obxectivos fundacionais vinculados á formación e á promoción da arte, potencia o seu labor social e de apoio á creación artística, así como tamén axuda ao establecemento de redes creativas e colaborativas máis amplas.

Co PROGRAMA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS a Fundación María José Jove e a Universidade da Coruña inciden na creación dun marco conceptual e diferencial que contribúa para a interpretación de problemáticas contemporáneas e ofrezca outras posibilidades de lectura e comprensión do que nos circunda.

Programa de residencias artísticas

UDC e a FMJJ, poñen en andamento a **IV Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas FMJJ en colaboración co Espazo de Intervención Cultural Normal**, cuxo obxectivo fundamental é afondar nas relacións entre creación artística, pensamento crítico e participación social.

Convocanse **dúas** residencias, e para iso proporcionarase aos/ás artistas o acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos.

Obxectivos da convocatoria

- Promover a investigación, creación e produción artística.
- Contribuír a fortalecer o contexto cultural galego, promovendo proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade.
- Configurar contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e da arte asociadas a aspectos como a identidade patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente.
- Facilitar un achegamento horizontal aos novos modos de inserción no territorio, de lectura e interpretación do espazo paisaxístico, natural e rural contemporáneo.
- Fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia, a través da

arte contemporánea. As solicitudes serán individuais, non se admitirán solicitudes de grupos ou colectivos.

Persoas beneficiarias

Poderán concorrer á presente convocatoria creadores/as de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica, vinculados/as ás artes visuais.

Recursos

Normal e a Fundación María José Jove ofrecerán os seguintes recursos ás persoas residentes seleccionadas mediante esta convocatoria:

1. Espazo de traballo.

As persoas residentes contarán cun espazo de traballo individual en Normal. Espazo de Intervención Cultural da Universidade da Coruña. Ademais, disporán das súas instalacións en función das necesidades do proxecto.

2. Aloxamento na residencia universitaria Elvira Bao (A Coruña), segundo dispoñibilidade. Consultar: www.udc.es/es/sape/aloxamento/

3. Acompañamento curatorial durante o desenvolvemento do proxecto.

4. Presentación de proxecto e difusión.

Dotación económica

Estabéllese unha dotación económica de até **6.000 euros**, 3.000 euros en concepto de honorarios -cantidade suxeita á retención fiscal vixente- e até 3.000 euros en concepto de gastos de produción e viaxe -previa xustificación de gastos, para cada un/ unha dos/as artistas.

Ademais, cubrirase a **estadía** dos/as artistas seleccionados/as.

Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será **do 11 de marzo ao 14 de xuño de 2024.**

A inscrición e o envío da documentación realizarase a través do seguinte enderezo electrónico:
normal.comunicacion@udc.gal

Duración e prazo de execución

As residencias terán unha duración **mínima dun mes**, podendo ser prorrogada até un **máximo de tres meses** se así for solicitado polas persoas residentes e tras ser avaliadas por parte da organización a idoneidade da prórroga.

As residencias poderán realizarse no período elixido polas persoas residentes dentro do **terceiro cuadrimestre do ano.**

Documentación a presentar

- Formulario de inscrición debidamente cuberto.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte da persoa solicitante (.jpg, .pdf.)
- Síntese do proxecto para o que solicita a residencia: descrición da natureza do proxecto, especificando obxectivos, liñas de investigación, metodoloxía e plano de actuación (3500 caracteres máximo, espazos incluídos).
- Currículum Vitae (2500 caracteres máximo, espazos incluídos).

- Carta de motivación: xustificación persoal de conveniencia e interese para o levar a cabo (2500 caracteres máximo, espazos incluídos).
- Dossier gráfico (até un máximo de 10 imaxes coas súas fichas técnicas).

Proceso de selección e criterios de valoración

As propostas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación que comunicará a súa composición no momento de presentación da convocatoria.

Os proxectos valoraranse segundo a súa orixinalidade e innovación, a súa coherencia cos obxectivos da convocatoria, así como a súa capacidade para crear redes de colaboración multidisciplinares.

Pola súa parte, será tamén avaliada a viabilidade material e económica, o CV e o dossier gráfico de cada persoa solicitante.

A Comisión de Avaliación poderá declarar deserta a convocatoria en caso de se estimar que ningunha proposta reúne os méritos esixidos para a súa adxudicación.

Comité de selección

Ángel Calvo Ulloa

Comisario e escritor, vive e traballa entre Galicia e Madrid. Entre os seus últimos proxectos curatoriais cabe destacar El Sueño de la cólcedra, de Teresa Lanceta, no Museo Patio Herreriano (Valladolid); Habitación. El archivo F.X; las chekas psicotécnicas y la función da arte, de Pedro G. Romero, en CA2M (Madrid), MNAC (Barcelona) e A Nau (Valencia); Autoconstrucción. Piezas sueltas. Juego y experiencia, Plezas sueltas. de Antonio Ballester Moreno, en Artium (Vitoria-Gasteiz); Siron Franco: Pensamiento insubordinado (Trabalhos, 1961-2023), en MAC Goiás (Brasil); "A propósito de Álvaro" Complejo Colosso, CIAJG (Guimarães); Anidar en el gesto: unas estanterías de Alberto, en Fundación Cerezales Antonio e Cinia (Cerezales del

Condado, León). Dende o 2011 tamén fixo a súa labor de comisario en institucións como CCasa Encendida (Madrid), Caixaforum (Barcelona), MARCO (Vigo), CCEMx (Ciudad de México), Fundación #Luis Seoane (A Coruña), Tabacalera (Madrid), Centro Párraga (Murcia) ou o EACC (Castelló), entre outras.

No 2020, en coautoría con Juan Canela, publicou o libro Desde lo curatorial. Conversaciones, experiencias y afectos, dentro da Colección Paper, de Consonni. Na actualidade xunto con Marta Mestre forman o equipo curatorial da Bienal Anozero'24 en Coimbra, e está a desenrolar proxectos para institucións como Instituto Moreira Sáelles (São Paulo), Museo Centro de Arte Dúas de Mayo (Móstoles) e Instituto Valenciano de Arte Moderna (Alcoy, Alacante).

Susana González Martínez

Comisaria, xestora cultural e investigadora. Licenciada en Belas Artes pola Universidad del País Vasco, Diplomada en Estudos Avanzados e Tesitanda en Historia da arte pola Universidade de Santiago de

Compostela, é fundadora de Consultarte, consultora de xestión cultural. Foi Co-directora do programa de residencias artísticas Charco dende o 2017 ata o 2022, proxecto de investigación e transversalidade creativa entre Latinoamérica e Europa.

Dende o 2019 dirixe a Colección de arte Fundación María José Jove e é responsable da área de arte da institución.

Desenvolveu proxectos curatoriais en institucións como o CGAC (Santiago de Compostela), MUSAC (León), MAZ (Guadalajara, México), na Fundación Cerezales Antonino y Cinia, (Cerezales del Condado, León) ou no Espazo de Intervención cultural NORMAL, A Coruña, dedicados a artistas como Irma Álvarez-Laviada, Belén Rodríguez, Sonia Navarro, Patricia Équivias, Luciana Lamothe, Sofía Táboas, Sergio Prego, Regina de Miguel, Adriana Bustos, Pedro Cabrita Reis Rubén Santiago ou Irene Kopelman, entre outros.

Ane Rodríguez Armendariz

Traballa na intersección entre o comisariado e a xestión cultural, no que concibe como práctica institucional, un espazo dende o que reformular e definir os modos de funcionamento das institucións artísticas en relación coas súas comunidades. Dende esta posición aborda o traballo que desenvolveu en diferentes institucións culturais españolas durante os últimos 18 anos. Desde setembro do 2020 ata xuño de 2023 foi a responsable do Centro de residencias artísticas del Matadero Madrid, onde articulou unha serie de programas destinados a apoiar e acompañar os artistas. Como directora cultural de Tabakalera (San Sebastián, España) entre o 2012 e o 2019, foi responsable da configuración do proxecto cultural inicial, que incluía programas de apoio á produción de arte e coñecemento, a través de exposicións, residencias e programas públicos. O seu interese polo cinema e as artes visuais levoulle a traballar tamén nun lugar intermedio de linguaxes audiovisuais experimentais que transitan tanto as

salas de cinema como as expositivas. Traballou con artistas como Yto Barrada, Itziar Okariz, Eric Baudelaire, Esther Ferrer, Jumana Manna, Uriel Orlow ou Filipa Cesar. Dende o 2020 é titora de proxectos na Elías Querejeta Zine Eskola.

Yolanda Pérez Sánchez

Profesora contratada doutora na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade de A Coruña. Doutora en Historia da arte e Máster en Renovación e Rehabilitación Urbana pola Universidade de Santiago de Compostela. Curso de Posgraduado de Especialización en Historia e Estética da Cinematografía (Universidade de Valladolid). Máster en Filosofía pola UNED.

Formou parte do equipo de diversos proxectos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela financiados por entidades públicas, a maioría cos GI do Departamento de Historia da arte ARTCONTE (Arte e Estética Contemporánea) e HAAYDU (Historia da arte, da Arquitectura e do

Urbanismo), entre os máis recentes os Proxectos de I+D+I do Ministerio de Ciencia e Innovación: “Paisaxes e Arquitecturas do erro. Contra-historia da paisaxe na Europa latina (1945-2020)” e “Arquitecturas soñadas. Proxectos errados e pensamento utópico na historia da arquitectura en Galicia”.

Realizou estadias de investigación na Avery Architectural and Fine Arts Library da Universidade de Columbia, na Architectural Association School of Architecture (AA School) de Londres, Facultade de Arquitectura da Universidade de Porto, na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona (Universidade Politécnica de Cataluña), o Getty Research Institute en Los Ángeles, ou no Institut National d'Histoire de l'Art de París (INHA), entre outros centros.

Na actualidade, desenvolve a súa investigación sobre o camiñar no cinema como práctica xeradora de paisaxe. Neste campo publicou: A construción

do espazo fílmico a través do camiñar en Eric Rohmer en Arquitectura e Paisaxe. Transferencias históricas, retos contemporáneos (Abada, 2022) ou A flâneuse no cinema. De Agnès a Chantal Akerman o xénero ábrese paso na sociedade (Thomson-Reuters-Aranzadi, 2022).

Resolución e publicación do resultado da convocatoria

A resolución da convocatoria será comunicada o día **19 de xullo de 2024**.

Efectuada a valoración das solicitudes e emitido o informe de concesión por parte da Comisión de avaliación, notificarase a adxudicación ás persoas seleccionadas e comunicaranse publicamente a través das páxinas webs e RRSS de ambas institucións.

Obrigas das persoas beneficiarias

- Realizar a actividade para a que foron seleccionadas no prazo e condicións esabelecidas na convocatoria.
- Aceptar e cumprir as accións de seguimento fixadas

por Normal e Fundación María José Jove para garantir o cumprimento dos requisitos desta convocatoria.

- Presentar unha memoria final do traballo á organización.
- Colaborar con ambas institucións na realización das actividades de seguimento, difusión e presentación do proxecto que se poida organizar.
- Facer constar en todo o material de difusión que o proxecto foi realizado no marco do Programa de Residencias Artísticas Fundación María José Jove e UDC, a través de Normal.
- Ambas institucións, Normal e Fundación María José Jove, reservaranse o dereito a poder programar un proxecto de presentación por volta do resultado do programa.

Seguimento, control e avaliación

Normal e Fundación María José Jove, establecerán os mecanismos oportunos para o seguimento e a avaliación dos proxectos e actividades correspondentes ao programa de residencia.

Pago e xustificación dos proxectos do programa
A dotación económica aboarase en dous prazos: o primeiro de xeito previo ao comezo da residencia artística e o segundo unha vez finalizada esta.

